



Concello de
OURENSE

31/21.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22 DE XULLO DE 2021

Na cidade de Ourense, o vinte e dos de xullo de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos (08h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **D. Telmo Manuel Ucha Álvarez, don Jorge Pumar Tesouro, dona Ana María Fernández Morenza, dona Flora Moure Iglesias e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta -asisten como invitados: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández e o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez e a letrada, dona Ana Blanco Nespereira -non asiste o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

APROBACIÓN ACTA

1.- Aprobouse por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), a acta da sesión extraordinaria, en substitución da ordinaria, da Xunta de Goberno Local de 19 de xullo de 2021.

AVOGACÍA CONSISTORIAL

2.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 237/2020, promovido polo Centro Médico el Carmen S.A.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer a sentenza de 9 de xullo de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 237/2020.

2º.- Darlle traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 240/2020, promovido por D^a M^a Teresa Santamarina de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer a sentenza núm. 127/21 de 23 de xuño de 2021, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado núm. 240/2020.

2º.- Darlle traslado da sentenza ao Órgano de Xestión Tributaria, Negociado de Sancións de Tráfico, para o seu coñecemento e efectos oportunos.



4.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 264/20, interposto por PARADELO SA.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 264/20, interposto por PARADELO SA, contra a Resolución do Tribunal Económico-Administrativo de 15 de setembro de 2020, pola que desestima a reclamación económica-administrativa interposta contra a Resolución do Órgano de Xestión Tributaria de 18/09/2019 desestimatoria do recurso de reposición fronte ó acordo da imposición da sanción tributaria polo imposto de Actividades Económicas (IAE); a cuantía ascende a 14.265,11 €. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 15-09-2021.

5.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 17/21, interposto por D^a Beatriz, D^a Ana M^a e D. Cesar Augusto Ruido Taboada.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 17/21, interposto por D^a Beatriz, D^a Ana M^a e D. Cesar Augusto Ruido Taboada, contra a Resolución do Tribunal Económico-Administrativo de 17 de novembro de 2020, pola que desestima a reclamación económica-administrativa interposta contra a desestimación presunta da solicitude de rectificación da autoliquidación do imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana, por unha transmisión inter vivos; a cuantía ascende a 2.544,99€. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 21-09-2021.

6.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 277/20, interposto por PROMEIGA DE CONTRATAS Y SERVICIOS S.L..

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 277/20, interposto por PROMEIGA DE CONTRATAS Y SERVICIOS S.L., contra a Resolución do Tribunal Económico-Administrativo de 15 de setembro de 2020 pola que desestima a reclamación económica-administrativa interposta contra a Resolución do Órgano de Xestión Tributaria de 26/08/2019 no expediente de comprobación limitada polo imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana; a cuantía ascende a 7.255,16 €. Acordouse





remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 22-09-2021.

7.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense no procedemento abreviado núm. 20/21, interposto por D. Tadeo López Sendon Hidalgo.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 20/21, interposto por D. Tadeo López Sendon Hidalgo, contra a desestimación por silencio administrativo do Órgano de Xestión Tributaria do Concello de Ourense do recurso de reposición interposto fronte a desestimación presunta da solicitude presentada o 25 abril de 2020 de rectificación da autoliquidación (10.913,67€) polo Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Naturaleza Urbana. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 7-09-2021.

8.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 21/21, interposto por D^a Fátima García González.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado núm. 21/21, interposto por D^a Fátima García González, contra o Decreto do Concelleiro de Recursos Humanos de 18 de outubro de 2020, a desestimación do recurso de reposición interposto fronte á notificación de 28/10/2020 adscribindo á actora ao Servizo de Benestar Social. Acordouse remitir o expediente administrativo que deu lugar ó acto administrativo impugnado e emprazar a todos os interesados téndose, por conseguinte, efectuado o personamento do Concello en virtude do disposto no artigo 50.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. A data do xuízo fixouse para o día 7-09-2021.

SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA

LICENZAS

9.- D. Víctor Sanjorge Pérez, proxecto básico de rehabilitación vivenda unifamiliar sita na rúa Curuxa, 1. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021004545.



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a don Victor Sanjorge Pérez, licenza de obra para proxecto básico de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en rúa Curuxa, 1-Ourense, conforme ao proxecto básico redactado pola arquitecta dona Gemma Barcala Domínguez, quen asume a dirección da obra, cun presuposto de execución material de 86.521,10 € euros; todo iso de conformidade co informe da arquitecta municipal de 10/06/2021 e da TAX de 13/07/2021, que se xuntan a efectos de motivación.

2.- Advertir ao solicitante que non poderá dar comezo das obras ata que sexa aprobado o proxecto de execución e abonado o correspondente ICIO.

RÉXIME DE RECURSOS-. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte ó que se reciba o presente documento, non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e





branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleras, etc.

- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.
- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002 de 5 de decembro polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

10.- Xunta de Galicia, licenza de obra para a renovación da cuberta no CEIP Mariñamansa sito na rúa Ramón Abellas, 4. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2020014425.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder á Xunta de Galicia, licencia de obra para a renovación da cuberta no CEIP Mariñamansa, sito na rúa Ramón Abellas, 4 de Ourense, consonte ao proxecto redactado polo arquitecto don Juan Carlos Mangana Losada, cun presuposto de execución de 206.948,34 euros, de conformidade cos informes do arquitecto municipal de 05/02/2021 e da xurídica de 13/07/2021, os cales se unen ó presente acordo a efectos de fundamentación.

2.- Requerir ó interesado para que achegue o certificado final de obra de técnico competente, no que conste que as obras están completamente terminadas e axustadas á licenza outorgada e advertirlle que non pode exercer a actividade en canto non obteña a preceptiva licenza de ocupación e o conforme da actuación comunicada.

RÉXIME DE RECURSOS- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:



1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte ó que se reciba o presente documento, non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4. - Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.
- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.
- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002 de 5 de decembro polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

11.- D^a María Jesús Olga Quintas Iglesias, proxecto de reforma interior e de fachadas da vivenda unifamiliar sita na rúa Amendo, 5 Seixalbo. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021018040.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:





1.- Conceder a María Jesús Olga Quintas Iglesias, con NIF ***09.82**, representada por Celso Rodríguez Estévez, con NIF ***60.14**, licenza de obra para proxecto de reforma interior e de fachadas da vivenda unifamiliar sita na rúa Amendo nº 5 de Seixalbo, Ourense (con referencia catastral 4445411NG9844S0001ZP), consonte ao proxecto redactado polo arquitecto Celso Rodríguez Estévez, quen asume a dirección de obra, cun orzamento de execución material de 47.302,58 euros, e de conformidade cos informes técnicos de datas 12 de maio de 2021 e 14 de xuño de 2021, os do arqueólogo municipal de data 27 de maio de 2021 e 12 de xullo de 2021 e co xurídico de data 14 de xullo de 2021, dos que se achega copia a efectos de motivación.

2.- Requerir ao solicitante para que notifique aos técnicos do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIS, vía Rexistro Municipal e con ao menos 7 días de antelación, o comezo das obras proxectadas para determinar se existen elementos susceptibles de ser conservados.

3.- Requerir ao solicitante para que notifique ao Departamento de Arqueoloxía, vía Rexistro Municipal e con ao menos 7 días de antelación, o comezo das obras proxectadas co fin de levar a cabo o seguimento correspondente. Do mesmo xeito deberán comunicar por escrito ao citado departamento a data de finalización das obras que impliquen remocións.

4.- Requerir ao solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto. Xunto co final de obra os interesados deberán achegar a documentación enumerada polo arquitecto municipal no seu informe de data 12 de maio de 2021.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte ó que se reciba o presente documento, non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.



A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.
- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.
- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- Deberá dar debido cumprimento á Ordenanza municipal de Limpeza vixente.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005 de 9 de xuño polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

12.- Comunidade de Propietarios, solicitude de prórroga para a licenza de obra de proxecto básico e de execución de rehabilitación de edificio residencial sito na rúa Hornos, 8. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2019026124.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder á Comunidade de Propietarios Hornos 8, con NIF H-32481236, prórroga de seis meses para comezar e de tres anos para rematar as obras de rehabilitación de edificio residencial sito na Rúa Hornos nº 8 de Ourense (con referencia catastral 39.80.7.15), en solo urbano consolidado, nas condicións autorizadas na licenza nº 154/19, concedida por Acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2019, e consonte ao establecido tanto no artigo 359.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia como no artigo 147.2 da citada Lei 2/2016.



2.- Asumir o informe técnico de 7 de xullo de 2021 e o xurídico de 14 de xullo de 2021 como parte integrante da presente resolución a efectos de motivación e dar traslado dos mesmos aos solicitantes.

Rexime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

13.- D. Luis Gómez Álvarez, proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en rúa Camiño da Cima, 6 -A Lonía-. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2020045641.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a don Luis Gómez Álvarez, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en rúa Camiño da Cima número 6 -A Lonía de Arriba-, en solo de núcleo rural, consonte proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta dona Miriam Casas Yáñez, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica das mesmas e a coordinación en materia de seguridade e saúde o arquitecto técnico don Roberto Salgado Blanco, e cun orzamento de execución material de 76.928,39 Euros.

2.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación.

O presente acordo tómase en base ó informe do Arquitecto Municipal de data 8 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 13 de xullo do 2021, que trasladaranse ó interesado ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.



Condições xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partir do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.
- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendose substituír por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.
- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

14.- Thor Private Equity Spain, S.L., solicita prórroga para as obras de demolición de edificios sitos entre as rúas Vicente Risco e Ramón y Cajal. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2020010821.





A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Conceder á sociedade “Thor Private Equity Spain, S.L.”, representada por don Miguel Ángel Pascual León, prórroga polo mais amplo prazo legal permitido de seis meses para o inicio das obras maiores de demolición de edificios sitos entre as rúas Vicente Risco e Ramón y Cajal, nos números 13 e 15 da rúa Vicente Risco e os números 16 e 20 da rúa Ramón y Cajal, amparadas na licenza municipal de obras número 69/20.

O presente acordo tómase en base ós informes do Arquitecto Municipal de data 8 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 13 de xullo do 2021, que trasladaranse ó interesado ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

15.- Via Termal, S.L., proxecto modificado de proxecto básico e de execución da construción de edificio para vivendas na Avda. das Caldas, 41-43. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021028054.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar a instancia da sociedade mercantil “VIA TERMAL, S.L.”, o proxecto modificado de proxecto básico e de execución da construción de edificio para vivendas na Avenida das Caldas número 41-43, en solo urbano, autorizado en base á licenza de obras número 143/19, consonte ó proxecto modificado de proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto don Manuel Álvarez Gómez, cun orzamento de execución material de 12.545,61 euros. Composto o edificio de tres plantas de soto para garaxe-aparcamento, rochos e elementos comúns; planta de semisoto para rochos, garaxe-aparcamento e elementos comúns; planta baixa para unha vivenda, rochos e elementos comúns; planta primeira para tres vivendas e elementos comúns; planta segunda a quinta para dúas vivendas por planta e elementos comúns; planta sexta para tres vivendas, das cales dúas son tipo dúplex vencelladas de forma permanente coa planta baixo cuberta, e para elementos comúns; e planta baixo cuberta para uso residencial vencellada de forma permanente a dúas vivendas da planta sexta, e para elementos comúns; cun total de quince vivendas en solo urbano.

2.- Requirir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación.



O presente acordo tómase en base ós informes do Arquitecto Municipal de data 6 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 13 de xullo do 2021, que trasladarase ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

16.- Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, solicita declaración de innecesariedade de segregación de parcela do Campo de Fútbol de O Couto sita na rúa do Serán, s/n. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021029300.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Estimar a solicitude da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, declarando a innecesariedade de licenza urbanística de segregación da parcela do Campo de Fútbol de O Couto -coa referencia catastral 2784001NG9828S0001RQ- sita na rúa do Serán, existindo catro parcelas independentes de acordo coa seguinte descrición:

- Parcela Nº 1.- Cunha superficie de 16.007,00 m², pertencente á clasificación de solo urban consolidado, sistema de equipamentos e dotacións, equipamento deportivo. Cós seguintes lindeiros:

Norte: rúa do Serán.

Sur: rúa tras do estadio e Parcela Nº 2.

Este: rúa Carlos Maside, Parcela Nº 4, Comunidade de Propietarios rúa Carlos Maside Nº 2 e Parcela Nº 3.

Oeste: rúa do Serán, Secundino Lamas González, Salomón Conde Estévez, Concello de Ourense e José Antonio Fernández González.

- Parcela Nº 2.- Cunha superficie de 286,30 m², pertencente á clasificación de solo urban consolidado, sistema xeral de espazos libres, parques e xardíns. Cós seguintes lindeiros:

Norte: Parcela Nº 1.

Sur: rúa tras do estadio.

Este: Parcela Nº 3.

Oeste: rúa tras do estadio.

- Parcela Nº 3.- Cunha superficie de 1.928,60 m², pertencente á clasificación de solo urban consolidado, sistema xeral viario. Cós seguintes lindeiros:

Norte: Parcela Nº 1.

Sur: rúa tras do estadio e Parcela Nº 2.

Este: Comunidade de Propietarios rúa Carlos Maside Nº 2, Nº 4, Nº 6, Nº 8 e rúa Simón de Mosteiro.

Oeste: Parcela Nº 1 e Parcela Nº 2.



- Parcela Nº 4.- Cunha superficie de 164,10 m², pertencente á clasificación de solo urban consolidado, sistema xeral viario. Cós seguintes lindeiros:

Norte: rúa Carlos Maside.

Sur: Comunidade de Propietarios rúa Carlos Maside Nº 2.

Este: rúa Carlos Maside.

Oeste: Parcela Nº 1.

O presente acordo tómase en base ó informe técnico do Arquitecto Municipal do día 15 de xullo do 2021 e do informe xurídico do día 15 de xullo do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se notifique. Así mesmo, contra este poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se notifique, conforme o establecido nos artigos 52 da Lei reguladora das bases de réxime local, 194 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 58 da Lei de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, así como os artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO

XESTIÓN URBANÍSTICA

17.- Expropiación polo ministerio da Lei, da chamada "Finca Acebedo" na Cruz Alta". Resolución do Xurado de Expropiación.-Expediente de Xestión Urbanística nº 2018010504

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º) Tomar razón da resolución do Xurado de Expropiación de Galicia de data 27 de maio de 2021 adoptada no expediente 2021/000220 polo que se fixa en 1.834.367,17 € o prezo da expropiación por ministerio da lei, da coñecida como "Finca Acebedo", no termo municipal de Ourense, notificada a este concello o día 17 de xuño de 2021.

2º) Non recorrer a resolución indicada no apartado primeiro do presente acordo nin en vía administrativa nin en vía contencioso-administrativa.

3º) Solicitar da Concellería Delegada de Facenda a incoación de xeito urxente do oportuno expediente de modificación orzamentaria para dotar á partida económica con cargo a cal se ten que atender o presente gasto de crédito suficiente para iso, achegando asemade ó informe xurídico emitido polo Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística de data 12 de xullo de 2021 como memoria xustificativa da mesma.

Todo iso en base ó informe xurídico emitido polo Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística de data 12 de xullo de 2021, que se integra no presente acordo como motivación do mesmo e do que se dará traslado ós interesados mediante copia simple do mesmo que será achegado xunto coa notificación que deste acordo sexa practicada.



Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación do mesmo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

18.- Aprobación Convenio urbanístico de xestión para a execución do Proxecto coñecido como "Parque Coto de Canedo".- Expediente de Xestión Urbanística nº 2020020923.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Retirar este asunto da orde do día por falta de fiscalización.

PATRIMONIO

19.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados nunha motocicleta como consecuencia da caída do cristal dun MUPI na rúa Celso Emilio Ferreiro. Expediente núm. 2020038314.RC – 202100040132.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Guillermo Carro Senra, polos danos causados na súa motocicleta, marca Kawasaki con matrícula 1391-NFR, o día 12 de xullo de 2020, como consecuencia da caída do cristal dun MUPI na rúa Celso Emilio Ferreiro.

2.- Valorar os danos en mil novecentos oitenta e nove euros con nove céntimos (1.989,09 €).

3.- Aprobar e dispoñer o gasto, e **recoñecer** a obrigaición a favor de don Guillermo Carro Senra, con DNI ***42.69**, polo importe de mil novecentos oitenta e nove euros con nove céntimos (1.989,09 €) en concepto de indemnización por responsabilidade patrimonial con cargo á partida orzamentaria 120.9200.22639.

4.- Darlle traslado deste acordo á Tesourería Municipal para os efectos oportunos.

5.- Iniciar expediente para exercitar o dereito de repetición contra a empresa "PM TRANSEUROPE, SL", unha vez que se efectúe o pagamento da indemnización á don Guillermo Carro Senra polos danos causados na súa motocicleta, marca Kawasaki con matrícula 1391-NFR, o día 12 de xullo de 2020 como consecuencia da caída do cristal dun MUPI na rúa Celso Emilio Ferreiro.

6.- Notificarlle a don Guillermo Carro Senra e á mercantil "PM TRANSEUROPE, SL" o informe xurídico de data 11 de xuño de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así





mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

20.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na beirarrúa do parque de San Lázaro, á altura da parada do autobús. Recurso de reposición. Expte. Núm. 202004442.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Desestimar o recurso de reposición presentado por dona Rosa García Álvarez contra o acordo número 24 adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 8 de abril de 2021, no que desestima a súa reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na beirarrúa do parque de San Lázaro, á altura da parada do autobús, o día 17 de xuño de 2017, por prescrición do dereito a reclamar.

2.- Notificarlle a dona Rosa García Álvarez o informe xurídico de 9 de xullo de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acto poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

21.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados no vehículo con matrícula OR-0060-J, como consecuencia das filtracións de auga procedentes do xardín situado na Avenida de Marín núm. 2. Expte. Núm. 2020022367.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Manuel Luis Dacosta Herrero (DNI ***9080**), polos danos causados ao seu vehículo, marca Renault, modelo 21, con matrícula OR-0060-J, como consecuencia das filtracións de auga procedentes do xardín situado na Avenida de Marín núm. 2.

2.- Valorar os danos en mil euros (1.000 €).

3.- Aprobar e dispoñer o gasto, e **recoñecer** a obrigaçión a favor de don Manuel Luis Dacosta Herrero (DNI ***9080**) polo importe de mil euros (1.000 €) en concepto de indemnización por responsabilidade patrimonial con cargo á partida orzamentaria 120.9200.22639.

4.- Darlle traslado deste acordo á Tesourería Municipal para os efectos oportunos.



5.- Notificarlle a Manuel Luis Dacosta Herrero e aos demais interesados o informe xurídico de data 23 de xuño de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

22.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na Avenida Ribeira Sacra. Expte. Núm. 2021021110

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Desestimar o recurso de reposición presentado por don Luis Carlos Fernández Durán contra o acordo número 33 adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 10 de xuño de 2021, no que desestima a súa reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na beirarrúa do exterior do parque do centro comercial Ponte Vella, como consecuencia de presenza de xeo, o día 11 de xaneiro de 2021, por non ser o Concello de Ourense a Administración competente para resolvela.

2.- Notificarlle a don Luis Carlos Fernández Durán o informe xurídico de 9 de xullo de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acto poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

23.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados no vehículo con matrícula 8190-JGH por unha focha na rúa Antonio Faílde Gago. Recurso de Reposición. Expte. Núm. 2021008319.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Desestimar o recurso de reposición presentado por don Antonio Alberto Hernández del Rosal, en representación de AXA, contra o acordo número 14 adoptado pola Xunta de Goberno Local do día 20 de maio de 2021, no que se considera a don Daniel Muñoz Ruiz, en representación de AXA, desistido da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados no vehículo con matrícula 8190-JGH por unha focha na rúa Antonio Faílde Gago o día 28 de outubro de 2020, por non reunir a súa solicitude os requisitos legalmente esixibles segundo o disposto nos artigos 66 e 67 da Lei 39/2015, de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e non atender a interesada ao requirimento para completala no prazo legalmente establecido.



2.- Notificarlle a don Antonio Alberto Hernández del Rosal, en representación de AXA, o informe xurídico de data 9 de xullo de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acto poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

24.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na rúa Alejandro Outeiriño. Expediente núm. 2020000651.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona Amparo Alfonso Francisco, polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na rúa Alejandro Outeiriño, o día 25 de febreiro de 2019, por non concorrer os requisitos legais que xustifican o dereito a unha indemnización.

2.- Notificarlle a dona Amparo Alfonso Francisco, a Valoriza Sevicios Medioambientales, SL e aos demais interesados, o informe xurídico de data 16 de xullo de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

25.- Aprobación, se procede, do expediente para contratar o servizo de delegado de protección de datos do Concello de Ourense. (Expte. Núm. 2021017754)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º.- Aprobar o expediente para contratar o servizo de delegado de protección de datos do Concello de Ourense, coa correspondente aprobación das cláusulas administrativas e técnicas, por un importe anual de 11.228,36 € de principal e 2.357,96 € de IVE, para un total de 13.586,32 €.

2º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, en



régime de tramitación anticipada de gasto, suxeito a condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente nos respectivos orzamentos aos que se estende a duración do contrato:

Exercicio	Nº Operación	Aplicación Orzamentaria	Importe total IVE incluído (21%)
2022	202100022831 202100034019	120.9200.22706	13.586,32 €
2023	202100022832 202100034017	120.9200.22706	13.586,32 €
2024	202100034018 202100040859	120.9200.22706	13.586,32 €

PERSOAL E RECURSOS HUMANOS

26.- Convalidación da omisión da función interventora no nomeamento, en comisión de servizo, do posto de xefe de servizo de extinción de incendios e salvamento, número de expediente 2021023317.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Convalidar a omisión da función interventora, con cargo á aplicación orzamentaria 280.1350.12000 do orzamento municipal vixente, do nomeamento de D. José Ramón Sánchez Feijoo, en comisión de servizos, no posto de Xefe de Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Ourense, de conformidade co informe do Director Xeral de RRHH de 19 de xullo de 2021 e informe de Intervención municipal do 16 do mesmo mes e ano.

Régime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben, interpor directamente recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado Contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase pola interposición de recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa daquel ou a súa desestimación por silencio. Todo iso, sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

SISTEMAS DE INFORMACIÓN

27.- Aprobación pago facturas ano 2020 na xustificación primeira do ano 2021 de D. Manuel Jorge Villar Álvarez.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Aprobar o gasto asociado ás facturas correspondentes ao ano 2020 incluídas na relación da conta xustificativa primeira do ano 2021, que se indican a continuación:





CIF/NIF	TERCEIRO	NÚM. FACTURA	DATA	IMPORTE TOTAL	RETENCIÓN	IMPORTE LÍQUIDO
B85294916	ARSYS	ES2020E043878	30/11/2020	7,26		7,26
B85294916	ARSYS	ES2020E047954	02/12/2020	78,65		78,65
B85294916	ARSYS	ES2020X005781	06/12/2020	7,26		7,26
B85294916	ARSYS	ES2020E048392	31/12/2020	7,26		7,26

28.- Darse por enterada da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data:

Ningunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión ás oito horas e corenta e cinco minutos (08h:45'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

